



# BOP

LUNS, 20 DE FEBREIRO DE 2023

N.º 042

## DEPUTACIÓN DE LUGO

[boletin@deputacionlugo.org](mailto:boletin@deputacionlugo.org)  
[www.deputacionlugo.gal](http://www.deputacionlugo.gal)

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo  
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

### XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN.  
SERVIZO DE ENERXÍA E MINAS

#### *Anuncio*

Pagamento do prezo xusto pola ocupación de bens e dereitos afectados pola execución do proxecto denominado **LIÑA SEQ806 QUIROGA 6 SUBSTITUCIÓN APOIO C7B9QS5S28 (EXP 2020/15-AT) (CONCELLO DE QUIROGA)**

Comunícase a todos os interesados no expediente, no que se sigue o procedemento expropiatorio das instalacións de referencia, que o día **29 de MARZO de 2023** convócaselles ó pagamento do predio 1na Casa do Concello de Quirogasegundo a resolución ditada polo Xurado de Expropiación de Galicia. Cómpre advertir os propietarios das fincas afectadas, que serán notificados individualmente, que os pagos realizaranse nas condicións que establecen os artigos 48 da Lei de Expropiación Forzosa, do 16 de Decembro de 1954 e 48, 49 e 50 do seu Regulamento, do 26 de Abril de 1957.

Lugo, 10 de febreiro de 2023.- O xefe territorial, Gustavo José Casasola de Cabo.

R. 0439

#### *Anuncio*

Pagamento do prezo xusto pola ocupación de bens e dereitos afectados pola execución do proxecto denominado **LMT CHA815 TC APOYO 36 (EXP. 2020/33-AT) (CONCELLO DE CHANTADA)**

Comunícase a todos os interesados no expediente, no que se sigue o procedemento expropiatorio das instalacións de referencia, que o día **12 de abril de 2023** convócaselles ó pagamento do predio 1na Casa do Concello de Chantadasegundo a resolución ditada polo Xurado de Expropiación de Galicia. Cómpre advertir os propietarios das fincas afectadas, que serán notificados individualmente, que os pagos realizaranse nas condicións que establecen os artigos 48 da Lei de Expropiación Forzosa, do 16 de Decembro de 1954 e 48, 49 e 50 do seu Regulamento, do 26 de Abril de 1957.

Lugo, 10 de febreiro de 2023.- O xefe territorial, Gustavo José Casasola de Cabo.

R. 0440

### CONCELLOS

BALEIRA

#### *Anuncio*

Expediente 119/2022

A Xunta de Goberno Local do Concello de Baleira (Lugo) aprobou, na sesión ordinaria do 01 de febreiro do 2023, a convocatoria e bases que de seguido se transcriben para a selección de dez prazas de auxiliares de axuda no fogar, dúas de limpadores/as ( unha a xornada completa e outra a xornada parcial), e unha de ordenanza, incluídas na oferta de emprego público do 2022, en réxime de persoal laboral fixo ( procesos de estabilización de emprego temporal conforme ó previsto no artigo 2 e na disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.)

O prazo de presentación de instancias será de dez días hábiles a contar dende o seguinte ó da publicación do extracto do anuncio no Boletín Oficial do Estado.

**“BASES QUE HAN DE REXER A CONVOCATORIA E EXECUCIÓN DO PROCESO DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL NO CONCELLO DE BALEIRA**

**PRIMEIRO. OBXECTO DA CONVOCATORIA.**

É obxecto das presentes bases a regulación para a convocatoria e proceso de selección de persoal laboral fixo, mediante procedemento de estabilización de emprego temporal por concurso e concurso-oposición, dentro do marco xeral de execución da Oferta Pública de Emprego extraordinaria correspondente ao exercicio do ano 2022, aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Baleira do 07 de decembro do 2022, publicada no Boletín Oficial da provincia de Lugo nº 294 do día 26 de decembro de 2022 e no Diario Oficial de Galicia do 27 de decembro do 2022.

As prazas que se convocan son as seguintes:

PERSONAL LABORAL		
DENOMINACIÓN DA PRAZA	Nº VACANTES	QUENDA DE ACCESO
AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR	10	4 PRAZAS CONCURSO. D.A. 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro 6 PRAZAS CONCURSO-OPOSICIÓN ART. 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro XORNADA COMPLETA
LIMPADOR/A	1	CONCURSO. D.A. 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro XORNADA COMPLETA
LIMPADOR/A	1	CONCURSO. D.A. 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro XORNADA PARCIAL (50%)
ORDENANZA	1	CONCURSO. D.A. 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro XORNADA COMPLETA

As características concretas de cada unha desas prazas son as seguintes:

AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR	
Nº de prazas	10
Réxime	Persoal laboral
Titulación esixible	Algunha das seguintes titulacións: Título de técnico/a en Coidados Auxiliares de Enfermería establecido polo Real Decreto 546/1995, de 7 de abril, ou os títulos equivalentes de técnico/a Auxiliar Clínica, técnico/a Auxiliar Psiquiatría e técnico Auxiliar de Enfermería que se establecen no Real Decreto 777/1998, de 30 de abril, ou no seu caso, calquera outro título que se publique cos mesmos efectos profesionais. Título de técnico/o en Atención a Persoas en Situación de Dependencia, regulado polo Real Decreto 1593/2011, de 4 de novembro, ou o título equivalente de técnico/a de Atención Socio sanitaria, establecido polo Real Decreto 496/2003, de 2 de maio, ou no seu caso, calquera outro título que se publique cos mesmos efectos profesionais. Certificado de profesionalidade de Atención Sociosanitaria a Persoas Dependentes en Institucións Sociais, regulado polo Real Decreto 1379/2008, de 1 de agosto, ou no seu caso, calquera outro certificado que se publique cos mesmos efectos profesionais. O certificado de profesionalidade de Atención Sociosanitaria a Persoas no Domicilio, regulado polo Real Decreto 1379/2008, de 1 de agosto, ou o equivalente certificado de profesionalidade da ocupación de auxiliar de axuda a domicilio, regulado no Real Decreto 331/1997, de 7 de marzo, ou no seu caso, calquera outro certificado que se publique cos mesmos efectos profesionais. Habilitación excepcional na categoría profesional de auxiliar de axuda a domicilio.
Sistema selectivo	4 prazas por concurso, 6 prazas por concurso oposición
	<b>LIMPADOR/A</b>
	1 praza xornada completa 1 praza xornada parcial (50%)
Réxime	Persoal laboral
Titulación esixible	Sen requirimento.
Sistema selectivo	Concurso

ORDENANZA	
Nº de prazas	1
Réxime	Persoal laboral
Titulación esixible	Sen requirimento.
Sistema selectivo	Concurso

## SEGUNDO. CONDICIÓN DE ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

De conformidade co artigo 56 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro ( en adiante TREBEP) e 50 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia ( en adiante LEPG), para poder participar nos procesos selectivos será necesario :

a) Ter nacionalidade española ou algunha outra que, conforme ao disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, do 29 de abril, permita o acceso ao emprego público.

Poden acceder ao emprego público en igualdade de condicións que as persoas de nacionalidade española:

.As persoas que posúan a nacionalidade doutros estados membros da Unión Europea.

.As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito.

.As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes.

.As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes.

.As persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

.Poden acceder ó emprego público como persoal laboral en igualdade de condicións cos españois as persoas con nacionalidade extranxeira así como os demais extranxeiros con residencia legal en España segundo o regulado nos artigos 52.3 da LEPG e 57 do TREBEP,

### b) Titulación esixible.

#### Auxiliar de axuda no fogar:

Estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións:

.Título de técnico/a en Coidados Auxiliares de Enfermería establecido polo Real Decreto 546/1995, de 7 de abril, ou os títulos equivalentes de técnico/a Auxiliar Clínica, técnico/a Auxiliar Psiquiatría e técnico Auxiliar de Enfermería que se establecen no Real Decreto 777/1998, de 30 de abril, ou no seu caso, calquera outro título que se publique cos mesmos efectos profesionais.

.Título de técnico/o en Atención a Persoas en Situación de Dependencia, regulado polo Real Decreto 1593/2011, de 4 de novembro, ou o título equivalente de técnico/a de Atención Socio sanitaria, establecido polo Real Decreto 496/2003, de 2 de maio, ou no seu caso, calquera outro título que se publique cos mesmos efectos profesionais.

.Certificado de profesionalidade de Atención Sociosanitaria a Persoas Dependentes en Institucións Sociais, regulado polo Real Decreto 1379/2008, de 1 de agosto, ou no seu caso, calquera outro certificado que se publique cos mesmos efectos profesionais.

.Certificado de profesionalidade de Atención Sociosanitaria a Persoas no Domicilio, regulado polo Real Decreto 1379/2008, de 1 de agosto, ou o equivalente certificado de profesionalidade da ocupación de auxiliar de axuda a domicilio, regulado no Real Decreto 331/1997, de 7 de marzo, ou no seu caso, calquera outro certificado que se publique cos mesmos efectos profesionais.

.Habilitación excepcional na categoría profesional de auxiliar de axuda a domicilio.

Limpador/a: Sen requirimento.

Conserxe: Sen requirimento.

c) Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en

situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

- d) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- e) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.
- g) Estar en posesión do certificado de formación en hixiene e manipulación de alimentos ou tarxeta ou carné de manipulador de alimentos no caso das auxiliares de axuda no fogar.
- h) Acreditación do coñecemento da lingua galega de acordo co establecido no artigo 51 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia.

Auxiliar de axuda no fogar: Mínimo CELGA 2 ou equivalente homologado, de acordo co establecido na Orde do 16 de xullo de 2007, coas modificacións introducidas pola Orde do 10 de febreiro de 2014 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, reguladora dos certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega.

Limpador/a: Mínimo CELGA 2 ou equivalente homologado, de acordo co establecido na Orde do 16 de xullo de 2007, coas modificacións introducidas pola Orde do 10 de febreiro de 2014 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, reguladora dos certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega.

Ordenanza: Mínimo CELGA 2 ou equivalente homologado, de acordo co establecido na Orde do 16 de xullo de 2007, coas modificacións introducidas pola Orde do 10 de febreiro de 2014 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, reguladora dos certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega.

Se non se pode acreditar este requisito, poderase acceder ao proceso selectivo, pero será necesario superar a realización dunha proba da lingua galega.

### TERCEIRO. FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

As solicitudes (Anexo I), requirindo tomar parte no correspondente proceso de selección nas que os aspirantes farán constar que reúnen as condicións esixidas nas presentes bases xerais para a praza que se opte, dirixiranse ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello, e presentaranse no Rexistro Electrónico Xeneral deste Concello ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de **dez días hábiles** contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

As bases íntegras publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica deste Concello: <https://concellobaleira.sedelectronica.gal>, inseríndose un extracto da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

Os aspirantes con discapacidade farano constar na súa solicitude, declarando que reúnen as condicións esixidas pola normativa aplicable e indicando as adaptacións de tempo e medios necesarios para asegurar a súa participación en igualdade de condicións cos demais aspirantes. Á súa solicitude achegará certificado de discapacidade onde se acrediten as deficiencias permanentes que deron lugar ao grao de discapacidade recoñecido, para que posteriormente o Tribunal entre a valorar a procedencia ou non das adaptacións solicitadas. Unha vez analizadas as necesidades específicas de cada un dos aspirantes, o Tribunal adoptará as medidas necesarias de adaptacións de tempo e medios que serán publicadas na sede electrónica deste Concello: <https://concellobaleira.sedelectronica.gal>.

Os datos persoais incluídos na solicitude de participación serán tratados unicamente para a xestión do proceso selectivo e as comunicacións que deban realizarse. Cando sexa necesario publicar un acto administrativo que conteña datos persoais publicaranse da forma que determina a disposición adicional sétima da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. O Concello será o responsable do tratamento destes datos.

### CUARTO. ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Expirado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía-Presidentencia ditará Resolución no prazo máximo de un mes, declarando aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos. En dita Resolución, que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica deste Concello: <https://concellobaleira.sedelectronica.gal> e no taboleiro de anuncios físico do Concello, concederá un prazo de **dez días hábiles** para presentación de reclamacións e enmendadas.

As alegacións presentadas serán resoltas nun prazo máximo de tres días hábiles. Transcorrido o prazo sen que se ditase resolución algunha, entenderanse as alegacións por desestimadas.

Vistas as alegacións presentadas, por Decreto da Alcaldía-Presidentencia, procederá á aprobación definitiva da lista de admitidos e excluídos, que será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica deste Concello: <https://concellobaleira.sedelectronica.gal>. Nesta Resolución, farase constar a designación nominal do Tribunal e indicarse o día, hora e lugar no que se constituíra o Tribunal e procederá á

valoración do Concurso e a data da realización da proba de oposición no caso das prazas afectadas a este sistema, e proba da lingua galega a que se refiren estas bases.

#### **QUINTO. TRIBUNAL CUALIFICADOR.**

Os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e se tenderá así mesmo, á paridade entre muller e home.

O persoal de elección ou de designación política, os funcionarios interinos e persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarte esta en representación ou por conta de ninguén.

Os/as membros do Tribunal posuirán titulación ou especialización igual ou superior ao esixido para o acceso á praza ofertada.

Os órganos de selección actúan con plena autonomía no exercicio da súa discrecionalidade técnica e os seus membros son persoalmente responsables da transparencia e obxectividade do procedemento, da confidencialidade da baremación e do estrito cumprimento das bases da convocatoria e dos prazos establecidos para o desenvolvemento do proceso selectivo.

O Tribunal poderá dispoñer a incorporación ao seu labor no proceso selectivo de asesores especialistas, para aqueles aspectos concretos do proceso selectivo debido á especialización técnica do traballo para realizar. A súa función circunscríbese a un mero asesoramento, é dicir actúan con voz, pero sen voto, non participan na toma de decisións do Tribunal. Os asesores deberán gardar sxiilo e confidencialidade acerca dos datos e asuntos sobre os que teñan coñecemento como consecuencia da súa colaboración no Tribunal.

O Tribunal poderá designar persoal colaborador para o desenvolvemento do proceso selectivo, que actuará baixo a súa dirección, cando a complexidade do mesmo aconsélleo.

A abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

#### **SEXTA. SISTEMA DE SELECCIÓN E DESENVOLVEMENTO DOS PROCESOS.**

##### **4 PRAZAS DE AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR-CONCURSO**

##### **CONCURSO (MÉRITOS). 100 PUNTOS.**

##### **A.-Méritos profesionais: ata un máximo de 90 puntos.**

A.1.Polos servizos prestados no corpo, escala, categoría ou equivalente na Administración convocante en calidade de persoal temporal: 0,94 puntos por mes.

A.2.Polos servizos prestados no corpo, escala, categoría ou equivalente noutra Administración Local en calidade de persoal temporal: 0,40 puntos por mes

A.3Polos servizos prestados no corpo, escala, categoría ou equivalente noutras Administracións Públicas en calidade de persoal temporal: 0,30 puntos por mes.

Por mes entenderase 30 días naturais seguidos, os períodos fraccionados valorarase só no caso en que superen os 15 días e asignaráselle proporcionalmente a puntuación dada por mes traballado.

Non se valorará o tempo de servizos prestados como persoal eventual, bolseiro/a, becario/a, contrato de arrendamento de servizos nin as prácticas curriculares para a obtención de titulacións académicas.

No suposto en que a xornada de traballo non sexa do 100%, a puntuación por este concepto reducirase en proporción as horas traballadas.

Os servizos prestados na Administración acreditaranse mediante certificación da administración correspondente e informe de vida laboral .

##### **B.Outros méritos. Ata un máximo de 10 puntos.**

##### **Formación e capacitacións profesionais:**

Valorarase a realización de cursos homologados polas diferentes Administracións Públicas, ou outras entidades do sector público, ou os realizados no ámbito da formación para o emprego ou os acordos da formación continua cuxo contido estea directamente vencellado coas funcións propias da praza convocada, e os considerados transversais polo seu interese para todos os postos como os de coñecemento da lingua galega, os relacionados coa prevención, cos dereitos e deberes dos empregados públicos, coa igualdade, a protección de datos, a atención ao cidadán, a protección do medio ambiente desde o ámbito laboral e os de contido ofimática, entre outros.

0,011 puntos por cada hora de curso.

**6 PRAZAS DE AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR. CONCURSO-OPOSICIÓN****OPOSICIÓN. 60 PUNTOS.**

Primeiro e único exercicio.

Consistirá nunha única proba tipo test de 15 preguntas, con catro respostas alternativas cunha única opción válida. As respostas erróneas ou en branco non penalizan. A duración desta proba será como máximo de 50 minutos. Inclúiranse dúas preguntas de reserva que se valorarán no caso de anulación dalguna/s das 15 preguntas.

O contido da proba basearase no temario recollido no Anexo II ás presentes Bases.

Esta proba non terá carácter eliminatorio.

**CONCURSO (MÉRITOS). 40 PUNTOS.****A.-Méritos profesionais: ata un máximo de 36 puntos.**

A.1.-Polos servizos prestados no corpo, escala, categoría ou equivalente na Administración convocante en calidade de persoal temporal: 0,60 puntos por mes.

A.2.- Polos servizos prestados no corpo, escala, categoría ou equivalente noutra Administración Local en calidade de persoal temporal: 0,28 puntos por mes.

A.3.-Polos servizos prestados no corpo, escala, categoría ou equivalente noutras Administracións Públicas en calidade de persoal temporal: 0,24 puntos por mes.

Non se valorará o tempo de servizos prestados como persoal eventual, bolseiro/a, becario/a, contrato de arrendamento de servizos nin as prácticas curriculares para a obtención de titulacións académicas.

Por mes entenderase 30 días naturais seguidos, os períodos fraccionados valorarase só no caso en que superen os 15 días e asignaráselle proporcionalmente a puntuación dada por mes traballado.

No suposto en que a xornada de traballo non sexa do 100%, a puntuación por este concepto reducirase en proporción as horas traballadas.

Os servizos prestados na Administración acreditaranse mediante certificado da administración correspondente e informe de vida laboral .

**B.-Outros méritos. Ata un máximo de 4 puntos.****.Formación e capacitacións profesionais:**

Valorarase a realización de cursos homologados polas diferentes Administracións Públicas, ou outras entidades do sector público, ou os realizados no ámbito da formación para o emprego ou os acordos da formación continua cuxo contido estea directamente vencellado coas función propias da praza convocada, e os considerados transversais polo seu interese para todos os postos como os de coñecemento da lingua galega, os relacionados coa prevención, cos dereitos e deberes dos empregados públicos, coa igualdade, a protección de datos, a atención ao cidadán, a protección do medio ambiente desde o ámbito laboral e os de contido ofimática, entre outros.

0,011 puntos por cada hora de curso.

**1 PRAZA DE LIMPADOR/A (XORNADA COMPLETA)****CONCURSO (MÉRITOS). 100 PUNTOS.****A.-Méritos profesionais: ata un máximo de 90 puntos.**

A.1.- Polos servizos prestados no corpo, escala, categoría ou equivalente na Administración convocante en calidade de persoal temporal: 0,94 puntos por mes.

A.2.- Polos servizos prestados no corpo, escala, categoría ou equivalente noutra Administración Local en calidade de persoal temporal: 0,40 puntos por mes.

A.3.- Polos servizos prestados no corpo, escala, categoría ou equivalente noutras Administracións Públicas en calidade de persoal temporal: 0,30 puntos por mes.

Non se valorará o tempo de servizos prestados como persoal eventual, bolseiro/a, becario/a, contrato de arrendamento de servizos nin as prácticas curriculares para a obtención de titulacións académicas.

Por mes entenderase 30 días naturais seguidos, os períodos fraccionados valorarase só no caso en que superen os 15 días e asignaráselle proporcionalmente a puntuación dada por mes traballado.

No suposto en que a xornada de traballo non sexa do 100%, a puntuación por este concepto reducirase en proporción as horas traballadas.

Os servizos prestados na Administración acreditaráanse mediante certificado da administración correspondente e informe de vida laboral.

**B.Outros méritos. Ata un máximo de 10 puntos.**

**.Formación e capacitacións profesionais:**

Valorarase a realización de cursos homologados polas diferentes Administracións Públicas, ou outras entidades do sector público, ou os realizados no ámbito da formación para o emprego ou os acordos da formación continua cuxo contido estea directamente vencellado coas función propias da praza convocada, e os considerados transversais polo seu interese para todos os postos como os de coñecemento da lingua galega, os relacionados coa prevención, cos dereitos e deberes dos empregados públicos, coa igualdade, a protección de datos, a atención ao cidadán, a protección do medio ambiente desde o ámbito laboral e os de contido ofimática, entre outros.

0,1 punto por cada hora de curso.

**1 PRAZAS DE LIMPADOR/A (XORNADA PARCIAL)**

**CONCURSO (MÉRITOS). 100 PUNTOS.**

**A) Méritos profesionais: ata un máximo de 90 puntos.**

A.1.- Polos servizos prestados no corpo, escala, categoría ou equivalente na Administración convocante en calidade de persoal temporal: 0,94 puntos por mes.

A.2.- Polos servizos prestados no corpo, escala, categoría ou equivalente noutra Administración Local en calidade de persoal temporal: 0,40 puntos por mes.

A.3.- Polos servizos prestados no corpo, escala, categoría ou equivalente noutras Administracións Públicas en calidade de persoal temporal: 0,30 puntos por mes.

A prestación de servizos a tempo parcial computarase en base ao tempo de xornada da praza que se convoca.

Non se valorará o tempo de servizos prestados como persoal eventual, bolseiro/a, becario/a, contrato de arrendamento de servizos nin as prácticas curriculares para a obtención de titulacións académicas.

Os servizos prestados na Administración acreditaranse mediante certificado da administración correspondente e informe de vida laboral.

**B)Outros méritos. Ata un máximo de 10 puntos.**

**.Formación e capacitacións profesionais:**

Valorarase a realización de cursos homologados polas diferentes Administracións Públicas, ou outras entidades do sector público, ou os realizados no ámbito da formación para o emprego ou os acordos da formación continua cuxo contido estea directamente vencellado coas función propias da praza convocada, e os considerados transversais polo seu interese para todos os postos como os de coñecemento da lingua galega, os relacionados coa prevención, cos dereitos e deberes dos empregados públicos, coa igualdade, a protección de datos, a atención ao cidadán, a protección do medio ambiente desde o ámbito laboral e os de contido ofimática, entre outros.

0,1 punto por cada hora de curso.

**1 PRAZA DE ORDENANZA**

**CONCURSO (MÉRITOS). 100 PUNTOS.**

**A.Méritos profesionais: ata un máximo de 90 puntos.**

A.1.- Polos servizos prestados no corpo, escala, categoría ou equivalente na Administración convocante en calidade de persoal temporal: 0,94 puntos por mes.

A.2.- Polos servizos prestados no corpo, escala, categoría ou equivalente noutra Administración Local en calidade de persoal temporal: 0,40 puntos por mes.

A.3.- Polos servizos prestados no corpo, escala, categoría ou equivalente noutras Administracións Públicas en calidade de persoal temporal: 0,30 puntos por mes.

Non se valorará o tempo de servizos prestados como persoal eventual, bolseiro/a, becario/a, contrato de arrendamento de servizos nin as prácticas curriculares para a obtención de titulacións académicas.

Por mes entenderase 30 días naturais seguidos, os períodos fraccionados valorarase só no caso en que superen os 15 días e asignaráselle proporcionalmente a puntuación dada por mes traballado.

No suposto en que a xornada de traballo non sexa do 100%, a puntuación por este concepto reducirase en proporción as horas traballadas.

Os servizos prestados na Administración acreditaranse mediante certificado da administración correspondente e informe de vida laboral.

B) Outros méritos. Ata un máximo de 10 puntos.

.Formación e capacitacións profesionais:

Valorarase a realización de cursos homologados polas diferentes Administracións Públicas, ou outras entidades do sector público, ou os realizados no ámbito da formación para o emprego ou os acordos da formación continua cuxo contido estea directamente vencellado coas funcións propias da praza convocada, e os considerados transversais polo seu interese para todos os postos como os de coñecemento da lingua galega, os relacionados coa prevención, cos dereitos e deberes dos empregados públicos, coa igualdade, a protección de datos, a atención ao cidadán, a protección do medio ambiente desde o ámbito laboral e os de contido ofimática, entre outros.

0,1 punto por cada hora de curso.

C) Realización da proba de coñecemento da lingua galega. (SÓ PARA AQUELES/AS ASPIRANTES QUE NON ACREDITASEN ESTAR EN POSESIÓN DO CELGA ESIXIDO).

.Consistirá na tradución directa ao idioma galego, sen axuda do dicionario, dun texto en castelán elixido polo Tribunal. O tempo máximo de duración deste exercicio será de 1 hora, podendo establecerse un tempo inferior en función da lonxitude e complexidade do texto proposto. Ou, de xeito alternativo, a proba poderá consistir nunha entrevista oral, integramente en galego co Tribunal, coa finalidade de comprobar a fluidez, entendemento e comprensión do idioma galego. O Tribunal reservarase a facultade de optar por unha ou outra forma de proba para a acreditación do coñecemento do idioma galego da praza obxecto de provisión.

.Cualificarase co resultado de APTO ou NON APTO. Corresponderalle ao Tribunal determinar o nivel de coñecemento esixido para acadar o resultado de APTO.

.A proba terá carácter eliminatorio.

**SÉTIMA. CUALIFICACIÓN.**

A puntuación final das prazas afectadas polo sistema de concurso virá dada pola suma total dos méritos achegados.

No que respecta ás prazas afectadas polo sistema de concurso-oposición, aos aspirantes que superen a fase de oposición aplicaráselles a puntuación obtida na fase de concurso.

A puntuación final será aquela resultado da suma dos puntos obtidos da fase de oposición máis a obtida da fase de concurso.

**OITAVO.- RELACIÓN DE APROBADOS E APROBADAS E ACREDITACIÓN DE REQUISITOS.**

Unha vez terminada a cualificación dos aspirantes, o Tribunal fará pública a relación de aspirantes por orde de puntuación na sede electrónica deste Concello.

As persoas que non superen o proceso selectivo, incluíranse en bolsas de persoal laboral temporal específicas.

Os aspirantes propostos acreditarán ante a Administración, dentro do prazo de **vinte días hábiles** desde que se publican no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica deste Concello, os documentos xustificativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria.

O Concello de BALEIRA non requirirá aos interesados datos ou documentos non esixidos pola normativa reguladora aplicable ou que sexan achegados anteriormente polo interesado a calquera Administración. A estes efectos, o interesado deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos, debendo as Administracións Públicas solicitalos electronicamente a través das súas redes corporativas ou dunha consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto. Presumírase que esta consulta é autorizada polos interesados, salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa ou a lei especial aplicable requira consentimento expreso.

Excepcionalmente, se as Administracións Públicas non puidesen solicitar os citados documentos, poderán solicitar novamente ao interesado a súa achega.

Quen dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación ou da mesma se deducise que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non poderán ser nomeados, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación.

Posteriormente procederase á formalización do correspondente contrato de traballo e a incorporación ao posto de traballo dentro do prazo que se estableza.

Formalizado o contrato deberase comunicar á oficina pública de emprego que corresponda, no prazo dos dez días seguintes á súa concertación; así mesmo, deberase informar á representación legal dos traballadores, mediante entrega dunha copia básica dos contratos celebrados.



No suposto de empate na puntuación de dous ou máis aspirantes, resolverase do seguinte xeito:

Atenderase, en primeiro lugar, á maior puntuación total obtida no apartado A) de «Méritos profesionais» do baremo.

En caso de persistir o empate no referido apartado, terá prioridade a experiencia acadada no punto 1 do apartado A) dos méritos profesionais.

Se continúa o empate, dirimirase pola maior puntuación obtida no apartado B) de “Formación”.

Finalmente, de continuar o empate, este resolverase por sorteo.

#### **NOVENO. FUNCIONAMENTO DA LISTAXE DE AGARDA.**

As persoas participantes do proceso selectivo que superaran a proba pero non obtivesen o posto de traballo ocuparán o posto da lista que lle corresponda, atendendo á puntuación obtida no proceso selectivo, para seren chamados no caso de renuncia do/a aspirante que figure en primeiro lugar ou para necesidades derivadas do servizo (vacacións, situacións de incapacidade laboral temporal, etc.)

A renuncia inicial á oferta de traballo ou a renuncia durante a vixencia do contrato dará lugar á exclusión da listaxe.

As persoas incluídas na lista de agarda terán que presentar datos persoais suficientes que permitan a súa pronta localización, sendo responsables de que estean actualizados en todo momento.

A persoa integrante da lista de agarda que reciba proposta de oferta de traballo, nos termos descritos anteriormente, deberá proceder á aceptación ou rexeitamento da mesma, nun período máximo de 48 horas e presentar a acreditación dos requisitos, agás por circunstancias excepcionais ou de forza maior.

Esta listaxe de agarda terá unha vixencia de 3 anos.

#### **DÉCIMA. INCIDENCIAS**

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición no prazo dun mes ante a Xunta de Goberno Local, previo ao contencioso-administrativo, que se poderá interpoñer no prazo de dous meses ante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo ou, á súa elección, o que corresponda ao seu domicilio, a partir do día seguinte ao de publicación do anuncio no Boletín Oficial do Estado.

No non previsto nas bases será de aplicación a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, a Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local; o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local aprobado polo Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril; e o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, e no que non estea reservado á lexislación do Estado será de aplicación a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

## ANEXO I

## INSTANCIA DE PARTICIPACIÓN

DATOS DA/O INTERESADA/O	
NOME E APELIDOS	
NIF	
DISCAPACIDADE (SI/NON E GRAO)	

DATOS DO REPRESENTANTE (NO SEU CASO)	
TIPO DE PERSOA (FÍSICA OU XURÍDICA)	
NOME E APELIDOS/RAZÓN SOCIAL	
NIF/CIF	
PODER DE REPRESENTACIÓN QUE OSTENTA	

DATOS A EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS	
MEDIO DE NOTIFICACIÓN ESCOLLIDO	Notificación electrónica: Notificación postal:
DIRECCIÓN	
CÓDIGO POSTAL	
MUNICIPIO	
PROVINCIA	
TELÉFONO	
TELÉFONO MÓBIL	
FAX	
CORREO ELECTRÓNICO	

Mediante a presente, **EXPOÑO**

Que, vista a Convocatoria e execución do proceso de estabilización de emprego temporal no Concello de BALEIRA, **DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE** reunir todos os requisitos establecidos polas bases e particularmente:

a) Ter nacionalidade española ou algunha outra que, conforme ao disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, do 29 de abril, permita o acceso ao emprego público.

Poden acceder ao emprego público en igualdade de condicións que as persoas de nacionalidade española:

,As persoas que posúan a nacionalidade doutros estados membros da Unión Europea.

.As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito.

.As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes.

,As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes.

,As persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

b) Titulación esixible.

Auxiliar de axuda no fogar:

,Título de técnico/a en Coidados Auxiliares de Enfermería establecido polo Real Decreto 546/1995, de 7 de abril, ou os títulos equivalentes de técnico/a Auxiliar Clínica, técnico/a Auxiliar Psiquiatría e técnico Auxiliar de Enfermería que se establecen no Real Decreto 777/1998, de 30 de abril, ou no seu caso, calquera outro título que se publique cos mesmos efectos profesionais.

.Título de técnico/o en Atención a Persoas en Situación de Dependencia, regulado polo Real Decreto 1593/2011, de 4 de novembro, ou o título equivalente de técnico/a de Atención Socio sanitaria, establecido polo Real Decreto 496/2003, de 2 de maio, ou no seu caso, calquera outro título que se publique cos mesmos efectos profesionais.

.Certificado de profesionalidade de Atención Sociosanitaria a Persoas Dependentes en Institucións Sociais, regulado polo Real Decreto 1379/2008, de 1 de agosto, ou no seu caso, calquera outro certificado que se publique cos mesmos efectos profesionais.

.Certificado de profesionalidade de Atención Sociosanitaria a Persoas no Domicilio, regulado polo Real Decreto 1379/2008, de 1 de agosto, ou o equivalente certificado de profesionalidade da ocupación de auxiliar de axuda a domicilio, regulado no Real Decreto 331/1997, de 7 de marzo, ou no seu caso, calquera outro certificado que se publique cos mesmos efectos profesionais.

.Habilitación excepcional na categoría profesional de auxiliar de axuda a domicilio.

Limpador/a: Sen requirimento.

c) Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

d) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

e) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

f) Estar en posesión do certificado de formación en hixiene e manipulación de alimentos ou tarxeta ou carné de manipulador de alimentos no caso das auxiliares de axuda no fogar.

h) Acreditación do coñecemento da lingua galega de acordo co establecido no artigo 51 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia.

Auxiliar de axuda no fogar: Mínimo CELGA 2 ou equivalente homologado, de acordo co establecido na Orde do 6 de xullo de 2017, coas modificacións introducidas pola Orde do 10 de febreiro de 2014 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, reguladora dos certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega.

Limpadora: Mínimo CELGA 2 ou equivalente homologado, de acordo co establecido na Orde do 6 de xullo de 2017, coas modificacións introducidas pola Orde do 10 de febreiro de 2014 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, reguladora dos certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega.

Se non se pode acreditar este requisito, poderase acceder ao proceso selectivo, pero será necesario superar a realización dunha proba da lingua galega.

PRAZAS Á QUE SE OPTA (MARCAR CUNHA X)	
AUXILIAR DE AXUGA NO FOGAR. CONCURSO OPOSICIÓN.	
AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR. CONCURSO.	
LIMPADOR/A. CONCURSO. XORNADA COMPLETA	
LIMPADOR/A. CONCURSO. XORNADA PARCIAL	
ORDENANZA .CONCURSO	

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA (MARCAR CUNHA X)	
COPIA SIMPLE DO DNI	
COPIA SIMPLE DA TITULACIÓN ESIXIBLE	
COPIA SIMPLE DO CERTIFICADO DE DISCAPACIDADE	
COPIA SIMPLE CELGA	
RELACIÓN DE MÉRITOS (APORTAR SEGUNDO O CASO)	
OUTRA DOCUMENTACIÓN / DOCUMENTACIÓN ADICIONAL	

**RELACIÓN DE MÉRITOS.** Deberán relacionarse os méritos que se queiran facer constar para o concurso. As acreditacións documentais fora do prazo de presentación de instancias non serán tidas en conta. Os méritos non acreditados como se establece nas bases tampouco serán tidos en conta polo Tribunal.

De conformidade co artigo 28.5 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, cando a relevancia do documento no procedemento o esixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, o Concello poderá solicitar de xeito motivado o cotexo das copias aportadas polo interesado

En base ao exposto, **SOLICITO** que, de conformidade co disposto no artigo 50 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia en relación co artigo 56 do texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, se admita **esta solicitude para participar no proceso de selección de persoal referenciado**

Por outra banda, fun informado de que o Concello vai tratar e gardar os datos aportados na instancia e na documentación que a acompaña para a tramitación e xestión de expedientes administrativos.

Responsable: Concello de BALEIRA.

Finalidade Principal: Tramitación, xestión de expedientes administrativos e actuacións administrativas derivadas de estos.

Lexitimación: Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento.

Dereitos: De acceso, rectificación, supresión de datos, así como calquera outro que lle corresponda.

Declaro baixo a miña responsabilidade que os datos consignados son certos.

En Baleira, a \_\_\_\_\_ do \_\_\_\_\_ do 2022.

A/o solicitante

Asinado\_\_\_\_\_

INSTANCIA DIRIXIDA Á ALCALDÍA PRESIDENCIA DO CONCELLO DE BALEIRA

**ANEXO II****TEMARIO PRAZA AUXILIAR AXUDA NO FOGAR - CONCURSO-OPOSICIÓN**

1. Ordenanza municipal reguladora do Servizo de axuda no fogar no Concello de Baleira, (publicada ni Bop da provincia de Lugo do 28 de marzo de 2014).
2. Servizo de axuda no fogar no marco do sistema para a Autonomía persoal e a Atención á dependencia.
3. Hixiene e aseo persoal a persoas maiores e dependentes. Mantemento, limpeza e organización do domicilio de persoas maiores e dependentes.
4. Nutrición, dietética e alimentación de persoas maiores e dependentes. Servizos complementarios: xantar na casa e teleasistencia domiciliaria.
5. Concello de Baleira. Territorio e órganos.”

Baleira, 10 de febreiro do 2023.- O Alcalde.- Ángel Enrique Martínez-Puga López.

R. 0441

**BARREIROS***Anuncio*

No pleno do 29 de novembro de 2021 aprobábase inicialmente a a Ordenanza fiscal reguladora da taxa para uso especial do dominio público local por instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas, auga e hidrocarburos e no pleno do 30 de xaneiro de 2023 aprobábase a imposición de dita taxa e a publicación do texto completo da mesma para a súa entrada en vigor, unha vez que non se recibiu ningunha alegación nin reclamación durante o prazo de exposición pública.

**“ORDENANZA REGULADORA TRIBUTARIA DA TAXA PARA A USO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL POR INSTALACIÓNS DE TRANSPORTE DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS, AUGA E HIDROCARBUROS.****Preámbulo**

**0104.- Administrativo Recadador.-** Correspóndenlle as funcións seguintes: realización das funcións de recadación en período voluntario dos ingresos municipais que non se atopan delegados noutras administración ou entidades, así como a tramitación dos expedientes de exencións, bonificacións, recursos, adiamento, fraccionamento etc. relacionados con estes.

Colaboración na emisión de providencias de prema de recursos en período executivo baixo a dirección do titular da tesourería, así como traslado á Deputación de Lugo da información e datos precisos para levar a cabo a recadación executiva.

Comunicación á Deputación de Lugo de datos e documentación, de oficio ou achegada por terceiros, relativos á función de xestión tributaria e recadación que ten delegada nesta o concello en cada momento, así como funcións de colaboración co ente provincial na atención presencial de suxeitos pasivos e obrigados ao pagamento. Xestión do rexistro de facturas (incluído FACe), baixo a supervisión da intervención.

Colaboración auxiliar en funcións de contabilidade, xestión tributaria e xestión catastral. Así mesmo, previo nomeamento, substituirá, de ser o caso ao titular do posto de Rendas e Exaccións nas funcións de elaboración de nóminas do persoal, así como a liquidación dos seguros sociais e as relacións que coa Tesourería da Seguridade Social se deriven, en supostos de ausencia, vacante, abstención-recusación ou enfermidade.

Previa autorización do órgano competente da Comunidade Autónoma, poderá substituír tamén, ao titular da tesourería se non é posible polo titular do posto 0103. Calquera outra función propia do seu cargo ou categoría.

**4. SISTEMA DE SELECCIÓN:** Oposición**5. NÚMERO DE PRAZAS QUE SE CONVOCAN:** Unha.**6.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.****a) Xerais:**

Os establecidos con carácter xeral nos artigos 56 e concordantes do TR da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado por Real Decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro

**b) Específicos. Titulación académica:**

Estar en posesión do título de Bacharelato, Ciclo Superior de Formación Profesional ou calquera outra titulación equivalente ou superior.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberá estar en posesión da acreditación da aprobación ou, se é o caso, o correspondente certificado de equivalencia segundo normas que sexan aplicables a tal efecto, verificadas polo Consello de Universidades mediante a vía procedimental prevista no Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias oficiais, na redacción dada polo Real decreto 861/2010, do 2 de xullo ou o título que habilita o exercicio desta profesión regulada segundo o establecido polas directivas comunitarias.

Todos os requisitos esixidos deben posuílos os/as aspirantes o día que remate o prazo para presentar as solicitudes e conservalos, polo menos, ata a data do seu nomeamento como funcionario.

**Dereitos de Exame:** Os interesados en participar neste proceso selectivo deberán ingresar na conta bancaria a nome do Concello IBAN nº ES40 0081 5420 3100 0100 0705 a taxa por dereitos de exame prevista na Ordenanza municipal T7 da taxa por expedición de documentos , epígrafe 8º (BOP de Lugo nº 177 de data 04/08/2022) **por importe de 20,00 €**, debendo aportar xustificante deste ingreso xunto coa solicitude de participación.

**7.- PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA E DAS SÚAS BASES.-**

A convocatoria anunciarase no BOE. As Bases publicaranse no Boletín Oficial da provincia de Lugo e faranse públicas tamén no taboleiro de anuncios do Concello e web municipal. [www.ribadeo.gal](http://www.ribadeo.gal)

Os sucesivos anuncios relativos á convocatoria publicaranse no tablón de anuncios do Concello e web municipal.

Non se efecturarán notificacións individuais. Os aspirantes ás probas obxecto desta convocatoria quedarán enterados do desenvolvemento do proceso mediante as publicacións pertinentes no taboleiro de anuncios do Concello e web municipal/sede electrónica: [www.ribadeo.gal](http://www.ribadeo.gal)

**8. PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS.-**

Ás instancias, solicitando tomar parte no proceso selectivo, dirixiranse á Alcaldía-Presidencia.

Presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Ribadeo debidamente cumprimentadas, durante o prazo **de vinte días hábiles** contados dende o seguinte ao de publicación do anuncio da convocatoria no BOE.

Poderán asimesmo remitirse na forma establecida na Lei 39/2015 de 1 de abril do Procedemento Administrativo común das AA.PP.

Para ser admitidas e, no seu caso, tomar parte nas probas selectivas, as personas aspirantes manifestarán nas súas solicitudes que reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos nestas Bases, referidos sempre como máximo ao día no que remate o prazo de presentación de instancias.

Os aspirantes con minusvalía igual ou superior ao 33% deberán indicalo expresamente na solicitude.

Igualmente as persoas aspirantes comprométese, no caso de ser propostos para o correspondente nomeamento, a prestar xuramento ou promesa de acordo co que determina o Real Decreto 707/1979, de 5 de abril.

Á instancia acompañarase inexcusablemente a seguinte documentación:

- Fotocopia compulsada do DNI ou documento equivalente.
- Titulación, no seu caso, que acredite o cumprimento deste requisito.
- CELGA

**9.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES. DATA E LUGAR DE CELEBRACIÓN DAS PROBAS.**

Rematado o prazo de presentación de solicitudes ditarase resolución pola que se declarará aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos, con indicación das causas de exclusión, así como o prazo para subsanación que será de 10 días, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro.

A corrección de erros, poderase enmendar de oficio ou a instancia de parte segundo a vixente Lei de Procedemento Administrativo común.

Dita resolución será publicada no Boletín Oficial da Provincia así como no Taboleiro de anuncios do Concello.

Quen non presente a solicitude de subsanación ou reclamación no indicado prazo decaerá no seu dereito sendo excluído definitivamente da lista de aspirantes.

Rematado o prazo ditarase resolución pola que se aproba a lista definitiva, resoltas as reclamacións que no seu caso se produzan, e indícase igualmente o lugar e data de comezo do 1º exercicio e orde de actuación dos aspirantes así como a composición do Tribunal, publicándose estes anuncios e calquera outro anuncio sucesivo en relación a este proceso selectivo no taboleiro de anuncios do Concello e web municipal.

Se en calquera momento posterior á aprobación da lista definitiva, incluso durante a celebración das probas se advertise nas solicitudes inexactitude ou falsidade que fora causa de exclusión ésta considerárase defecto insubsanable e resolverá dita exclusión.

Dende a terminación dunha proba e ata o comezo da seguinte deberá transcurrir un prazo mínimo de 48 horas e un máximo de 40 días.

## 10. EXERCICIOS.-

A oposición consistirá na realización dos **exercicios obrigatorios** que se indican a continuación e **que serán eliminatorios**.

**Primeiro exercicio:** Consistirá na contestación, por escrito, de forma lexible, **durante un tempo máximo de 60 minutos**, a 5 preguntas, propostas polo tribunal, relacionadas coas materias do programa que figura no anexo. (Parte xeral e específica) .

Neste exercicio, que será corrixido directamente polo tribunal, valorarase a capacidade e formación xeral, a claridade de ideas, a precisión e rigor na exposición e a calidade de expresión escrita.

Puntuación de 0 a 10 puntos, sendo necesario obter como mínimo 5,00 puntos.

**Segundo exercicio:** Consistirá en desenvolver por escrito, **durante un tempo máximo de 60 minutos**, un tema de dous extraídos ao chou entre os comprendidos no programa do anexo na **parte específica**.

Neste exercicio, que será corrixido directamente polo tribunal, valorarase o volume e comprensión dos coñecementos, a claridade de ideas e a capacidade de expresión escrita.

Puntuación de 0 a 10 puntos, sendo necesario obter como mínimo 5,00 puntos

**Terceiro exercicio:** Consistirá na resolución dun ou varios supostos prácticos que o tribunal determine, durante **un tempo máximo de 2 horas** e que estarán relacionados coas materias do programa que figuran no anexo.

Neste exercicio, que será corrixido directamente polo tribunal, valorarase a capacidade de análise e a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas prácticos expostos.

Puntuación de 0 a 10 puntos, sendo necesario obter como mínimo 5,00 puntos

**Cuarto exercicio.-** De carácter **obligatorio e eliminatorio** consistirá na tradución directa do castelán ao galego dun texto proposto polo órgano de selección inmediatamente antes de celebrarse o primeiro exercicio, nun tempo máximo de 10 minutos, e sen axuda de dicionario.

Cualificarase coma APTO ou NON APTO. Serán Non aptos aqueles exercicios que conteñan 20 erros ou mais.

\*Quedarán exentos de celebrar este exercicio aqueles aspirantes que aporten antes da súa celebración título oficial de coñecemento do idioma galego **Celga 4 ou equivalente**, debidamente homologado, correspondente ao nivel de estudos esixidos para participar nas probas selectivas, segundo a Orde de 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014.

**Cualificación final:** A cualificación de cada aspirante nos diferentes exercicios do proceso selectivo será o resultado da media aritmética das puntuacións outorgadas por todos os membros do Tribunal ou a determinada de común acordo polo conxunto dos seus membros.

A puntuación total do proceso selectivo será a suma das cualificacións.

## 11. TRIBUNAL CUALIFICADOR.

Estará constituído polas seguintes persoas:

### Presidente:

Titular e suplente correspondente. Un funcionario de categoría ou escala igual ou superior á praza que se convoca, designado pola Alcaldía-Presidencia.

**Vogais:** 3 funcionarios de categoría ou subescala igual ou superior ao posto que se convoca e os seus suplentes correspondentes.

**Secretario:** O Secretario Xeral do Concello de Ribadeo e como suplente do mesmo un funcionario do Concello con categoría igual ou superior ao posto que se convoca. Actuará con voz e sen voto.

O Tribunal queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten no non previsto nestas bases e para toma-los acordos necesarios para a boa orde das probas.

Aplicarase igualmente a lexislación básica do Estado sobre Función Pública e o R.D. 896/1991 polo que se establecen as regras e programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección de persoal funcionario de Administración Local.

No non previsto nelas, a regulamentación para o ingreso na Función Pública da Comunidade Autónoma de Galicia e supletoriamente, o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración do Estado.

#### **12.- RELACIÓN DE APROBADOS.-**

Unha vez rematada a cualificación das persoas aspirantes o Tribunal publicará por orde de puntuación a relación de aprobados e elevará dita relación ao órgano competente do Concello aos efectos da tramitación do correspondente nomeamento.

O Tribunal cualificador non poderá propoñer o acceso á condición de funcionario a un número superior de aprobados ao de postos ou prazas convocadas, neste caso unha.

#### **13.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.**

A persoa proposta aportará, dentro do prazo de vinte días naturais contados a partir da publicación da lista de aprobados, os seguintes documentos:

- 1.- Fotocopia (que deberá presentarse co orixinal para compulsar) do seu Documento Nacional de Identidade ou documento que o substitúa.
- 2.- Copia autenticada ou fotocopia (que deberá presentarse co seu orixinal para compulsar) do título ou no seu caso, diploma en base ao cal se procedeu á súa admisión ou xustificante de ter cumprido os requisitos para a expedición do mesmo.
- 3.- Certificado acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais do posto ao que aspira. No supostos de persoas con discapacidade observarase tamén o que establece o apartado da Base duodécima.
- 4.- Declaración responsable de non ter sido separado do servizo do Estado, das Comunidades Autónomas ou das Entidades Locais mediante expediente disciplinario nin e atopar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas por sentenza firme.
- 5.- Declaración responsable de non se atopar incurso en ningún dos supostos de incapacidade específica conforme á normativa vixente.
- 6.- Declaración responsable de non incurrir en ningún dos supostos de incompatibilidade do persoal ao servizo das Administracións Públicas segundo a Lei 53/1984, de 26 de decembro e normativa de desenvolvemento da mesma.
- 7.- Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social (para o caso de haber estado de alta na mesma).
- 8.- Número de conta bancaria.

O aspirante cun grao de minusvalía igual ou superior ao 33% que supere a oposición deberá ademais acreditar tal condición mediante certificación dos órganos competentes así como a compatibilidade co desempeño das tarefas do posto.

Para o suposto de que tivera a condición de funcionario ou empregado público, estará exento de xustificar documentalmente as condicións e requisitos xa demostrados para obter o seu anterior nomeamento debendo presentar certificación do Ministerio ou Organismo de que dependa, acreditando a súa condición e demais circunstancias que consten no seu expediente persoal ou folla de servizos.

#### **14. NOMEAMENTO E TOMA DE POSESIÓN.-**

Quen no prazo indicado non presente a documentación indicada (salvo casos de forza maior), non poderá ser nomeado funcionario quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades en que poida incorrer por falsidade na instancia solicitando tomar parte no proceso selectivo.

O aspirante nomeado funcionario deberá tomar posesión no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao que lle sexa notificado o nomeamento, quedando en situación de cesante cando, sen causa xustificada, non o fixese dentro do prazo sinalado.

O nomeamento como funcionario/a será publicado no BOP de Lugo.

#### **15.-LEXISLACIÓN DE APLICACIÓN.-**

O RDL 5/2015, de 5 de outubro de aprobación do TR da Lei do Estatuto básico do empregado público.

A Lei 2/2015, de 29 de abril de Emprego Público de Galicia.

Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do réxime local.

R.D. Legislativo 781/1986, do 18 de abril, que aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Decreto 95/1991, do 20 de marzo, da Comunidade autónoma de Galicia pola que se aproba o

Regulamento de selección de persoal e Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración do Estado.

Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, que aproba as regras básicas e programas mínimos a que se debe axustar o procedemento de selección dos funcionarios da administración local.

Lei 2/2015, de 29 de abril do Emprego Público de Galicia.

Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das AA.PP.

Lei 40/2015, de 1 de outubro do Réxime Xurídico do Sector Público.

#### **16.- FORMACIÓN DE BOLSA DE TRABALLO.**

Rematado o proceso selectivo a Alcaldía-Presidencia poderá aprobar unha listaxe de agarda con aquelas persoas presentadas ao proceso, e ordenada de maior a menor puntuación no sumatorio total, que non obtiveran praza.

#### **17.- INCIDENCIAS**

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpor polos interesados recurso de reposición no prazo dun mes ante a Alcaldía, previo ao contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo ou, á súa elección, o que corresponda ao seu domicilio, a partir do día seguinte ao de publicación do seu anuncio no Boletín correspondente (artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa).

No non previsto nas bases, será de aplicación a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro; a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local aprobado por Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril; e o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado aprobado por Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, con carácter supletorio.

#### **ANEXO I- TEMARIO**

##### **PARTE XERAL-**

1.A Constitución Española de 1978. Estrutura e contido esencial. Procedemento de reforma.

2.Os dereitos e deberes fundamentais. A súa consideración na Constitución. A protección dos dereitos fundamentais no ámbito nacional.

3.As Cortes Xerais. Composición e funcións. Regulación e funcionamento das cámaras: os regulamentos parlamentarios. Goberno no sistema Constitucional Español. Formación e cese. Composición e funcións. A relación de confianza das Cortes Xerais co Goberno.

4.A Administración Xeral do Estado. A Lei de organización e funcionamento da Administración Xeral do Estado. A estrutura departamental e os órganos superiores.

5.Estatuto de Autonomía de Galicia. O Parlamento. A Xunta de Galicia. O Presidente.

6.O ordenamento xurídico-administrativo. O regulamento: concepto e clases. A potestade regulamentaria. O procedemento de elaboración. Límites. O control da potestade regulamentaria.

7.Recursos administrativos: principios xerais. Actos susceptibles de recurso administrativo. Reglas xerais de tramitación dos recursos administrativos. Clases de recursos. Procedementos substitutivos dos recursos administrativos: conciliación, mediación e arbitraje.

8.O réxime local: Significado e evolución histórica. A administración local na Constitución. A carta europea de autonomía local. O principio de autonomía local: significado, contido e límites. A Facenda local na Constitución. O réxime xurídico das facendas locais: criterios inspiradores do sistema de recursos e principios presupostarios.



**PARTE ESPECÍFICA:**

- 1.O municipio: concepto e elementos. A organización municipal. Órganos necesarios: Alcalde, Tenentes de Alcalde, Pleno e Xunta de Goberno Local. Órganos complementarios: Comisións Informativas e outros órganos.
- 2.As competencias municipais: sistema de determinación. Competencias propias, delegadas e competencias distintas das propias.
- 3.Os contratos do sector público. Tipos de contratos do sector público. As partes nos contratos do sector público.
- 4.Os contratos do sector público. Órganos de contratación. Capacidade e solvencia do empresario. Obxecto, presuposto base de licitación, valor estimado, prezo do contrato e a súa revisión. Garantías esixibles na contratación do sector público.
- 5.Os contratos do sector público. Preparación dos contratos das Administracións públicas. Adxudicación dos contratos das Administracións públicas. Execución dos contratos. Modificación dos contratos.
- 6.O contrato de obras. O contrato de concesión de obras. O contrato de concesión de servizos. O contrato de subministración. O contrato de servizos.
7. Actividade subvencional das Administracións Públicas: tipos de subvencións. Procedementos de concesión e xestión das subvencións. Reintegro de subvencións.
- 8.Orzamento Xeral das entidades locais. Principios orzamentarios. Especial referencia ás bases de execución do orzamento.
- 9.Elaboración e aprobación. A prórroga do Orzamento.
- 10.A estrutura orzamentaria. Os créditos do orzamento de gastos: delimitación, situación e niveis de vinculación xurídica.
- 11.As modificacións de crédito: concepto, clases e tramitación.
- 12.A execución do orzamento de gastos e de ingresos: as súas fases. Os pagos para xustificar. Os anticipos de caixa fixa.
- 13.Os proxectos de gasto. Os gastos con financiamento afectado.
- 14.A liquidación do orzamento: confección e aprobación, os remanentes de crédito.
- 15.O resultado orzamentario e ou remanente de Tesourería. Análise do remanente de Tesourería.
- 16.Estabilidade Orzamentaria e sustentabilidade financeira. Principios xerais. Obxectivos de estabilidade orzamentaria, de débeda pública e da regra de gasto para as Corporacións locais: establecemento e consecuencias asociadas ao seu incumprimento.
- 17.Os Plans económico-financeiros: contido, tramitación e seguimento. Plans de axuste e de saneamento financeiro. Subministración de información financeira das Entidades Locais.
- 18.O Réxime xurídico da Tesourería. Concepto e funcións. Organización.
- 19.A planificación financeira.
- 20.O sistema de contabilización da Administración Local. As Instrucións de contabilidade para a Administración Local. Os documentos contables.
- 21.A Conta Xeral das entidades locais: concepto, documentos que a integran e tramitación.
- 22.Os recursos dos municipios no texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Os ingresos de dereito privado. As subvencións e outros ingresos de dereito público.
- 23.A potestade regulamentaria das Entidades Locais en materia tributaria. As ordenanzas fiscais e procedemento de aprobación. Os tributos locais: principios e enumeración.
- 24.Réxime xurídico da recadación das Entidades Locais. O pago e outras formas de extinción das débedas. O procedemento de recadación en período voluntario. O procedemento de recadación en período executivo, a vía de constrinximento.
- 25.Obrigas de subministración de información non ámbito das corporacións locais: Orde HAP/2015/2012, do 1 de outubro.
- 26.O crédito local. Clases de operacións de crédito. Natureza xurídica dos contratos: tramitación. As operacións de crédito a longo prazo: finalidade e duración, competencia e límites e requisitos para a concertación das operacións. As operacións de crédito a curto prazo: requisitos e condicións. A concesión de avais polas Entidades Locais.
- 27.Os dereitos constitucionais dos empregados públicos. Políticas de igualdade e contra a violencia de xénero nas Administracións Públicas. Políticas dirixidas á atención a persoas con discapacidade e/o dependentes.

28.O persoal ao servizo das entidades locais: clases e réxime xurídico. A función pública local: clases de funcionarios locais. Os instrumentos de organización do persoal: persoais e relacións de postos de traballo. Os instrumentos reguladores dos recursos humanos: a oferta de emprego, os plans de emprego e outros sistemas de racionalización.

29.O acceso aos empregos locais: principios reguladores. Requisitos. Sistemas selectivos. A extinción da condición de empregado público.

30.O réxime de provisión de postos de traballo: sistemas de provisión. O contrato de traballo. As situacións administrativas dos funcionarios locais.

31.A relación estatutaria. Os dereitos dos funcionarios locais. Dereitos individuais. Especial referencia á carreira administrativa e ás retribucións. O réxime de Seguridade Social. Dereitos colectivos. Sindicación e representación. O dereito de folga. A negociación colectiva.

32.Os deberes dos funcionarios locais. O réxime disciplinario. O réxime de responsabilidade civil, penal e patrimonial. O réxime de incompatibilidades.

Ribadeo, 14 de febreiro de 2023.- O ALCALDE, FERNANDO SUAREZ BARCIA

R. 0463

## SOBER

### *Anuncio*

Aprobado inicialmente o Regulamento de funcionamento do Rexistro municipal de Asociacións veciñais do Concello de Sober por Acordo do Pleno de data 24.11.2022, de conformidade cos artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e 56 do Texto Refundido de Réxime Local, someteuse ao trámite de información pública polo prazo de trinta días laborais.

Publicado o correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo num. 289 do 17.12.2022, durante o tempo de información pública non se presentaron alegacións, reclamacións ou achegas ao dito Regulamento, elevando a definitiva a súa aprobación inicial.

Aos efectos do disposto no art. 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do réxime local, publícase o seu contido íntegro.

#### **Regulamento de Funcionamento do Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais do concello de sober**

##### DISPOSICIÓN NORMATIVAS

##### ARTIGO 1. Creación e carácter do Rexistro.

O Concello de Sober crea o Rexistro Municipal de Asociacións.

A existencia deste Rexistro está vinculada á aplicación e desenvolvemento das normas contidas no artigo 72 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e no artigo 236 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

O Rexistro Municipal de Asociacións rexeráse polas normas contidas no presente Regulamento e, no non disposto nel, polas Normas de Réxime Local

##### ARTIGO 2. Obxecto e natureza do Rexistro.

O Rexistro Municipal de Asociacións ten por obxecto permitir ao Concello de Sober coñecer a realidade dos colectivos, asociacións, fundacións e grupos estables, todos eles sen ánimo de lucro, que teñan o seu ámbito de actuación principal no municipio de Sober, coa finalidade de posibilitar unha correcta política municipal de fomento do asociacionismo veciñal.

O Rexistro Municipal de Asociacións é independente de calquera outro Rexistro Xeral de Asociacións, polo que a inscrición das entidades ou organizacións neste último non presuporá a inscrición no Rexistro Municipal.

O Rexistro Municipal de Asociacións é independente do Rexistro Xeral de Asociacións autonómico, polo que a inscrición das entidades ou organizacións neste último non suporá a inscrición no primeiro.

##### ARTIGO 3. Datos contidos no Rexistro.

Os datos contidos no Rexistro Xeral de Asociacións serán públicos e poderán ser consultados por calquera persoa interesada, sen perxuízo do disposto en relación cos datos protexidos pola normativa de protección de datos persoais de aplicación.

**ARTIGO 4. Entidades que poden ser inscritas.**

Poderán obter a inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións as entidades cidadás legalmente constituídas, de funcionamento democrático, sen ánimo de lucro, cuxo obxecto sexa a defensa e a mellora dos intereses xerais ou sectoriais do municipio, en particular as asociacións de veciñas e veciños, das nais e pais, das entidades culturais, medioambientais, deportivas, recreativas, xuvenís, sindicais, empresariais, profesionais e calquera outra similar que exerzan as súas actividades dentro do ámbito territorial do Concello de Sober.

**ARTIGO 5. Solicitud de inscrición no Rexistro.**

A inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións solicitarase polas persoas interesadas mediante instancia ( de acordo co modelo que se aprobe ao efecto pola Alcaldía) dirixida á Alcaldía, encabezada e subscrita polo representante legal da mesma, con inclusión de todos os seus datos de contacto (dirección postal, teléfono e correo electrónico), e á que se deberán acompañar os seguintes documentos:

1. Acta de constitución da asociación.
2. Estatutos da asociación legalmente aprobados.
3. Número de inscrición no Rexistro Xeral de Asociacións da Comunidade Autónoma ou noutros rexistros públicos.
4. Datos de identificación das persoas que ocupen os cargos directivos.( nome,apelidos e DNI de cada unha delas).
5. Domicilio social e CIF da asociación.
6. Orzamento do ano en curso. Só será exisibile para aquelas asociacións que soliciten subvencións do Concello de Sober.
7. Breve memoria dos servizos e actividades programados para o ano en curso. Só será exisibile para aquelas asociacións que soliciten subvencións do Concello de Sober.
8. Certificación do número de socios que compoñen a asociación no momento da presentación da solicitud de inscrición no Concello de Sober.

**ARTIGO 6. Inscrición no Rexistro.**

A unidade administrativa encargada da xestión do rexistro realizará as comprobacións oportunas para a inscrición das asociacións.

Se a documentación presentada fose incompleta ou non reunira os requisitos do apartado anterior, outorgarase un prazo de dez días laborais para a súa emenda ou corrección.

Transcorrido o citado prazo sen presentala, a petición se terá por desistida, e será arquivada sen más trámites mediante resolución da Alcaldía.

Se a documentación presentada fora válida, no prazo de quince días laborais dende a solicitud se ditará resolución da Alcaldía de inscrición da asociación no Rexistro, outorgando o número de inscrición correspondente.

A partir da data de comunicación do número de inscrición, considerarase que a asociación está dada de alta no ficheiro municipal de asociacións para todos os efectos.

A inscrición terá carácter voluntario e gratuíto, e non será requisito constitutivo, se ben será necesaria para acceder aos dereitos recollidos no presente Regulamento.

**ARTIGO 7. Obrigas das asociacións inscritas.**

As asociacións inscritas no Rexistro de Asociacións municipal teñen as seguintes obrigas:

1. Notificar ao Rexistro toda modificación dos datos dentro do mes seguinte ao que se produza.
2. Comunicar anualmente, antes do 31 de marzo, unha memoria das actividades e dos actos a realizar no exercicio correspondente así como o orzamento previsible das mesmas. Só será exisibile para aquelas asociacións que soliciten subvencións do Concello de Sober
3. Responder do uso realizado das instalacións municipais e dos danos que nas mesmas puidesen causar pola súa utilización.
4. Participar activamente en cantas actividades se organicen por parte do Concello para a mellora do tecido social (informativas, formativas, de fomento do asociacionismo ou outras). Só será exisibile para aquelas asociacións que soliciten subvencións do Concello de Sober.
5. Dar a máxima difusión, preferentemente a través de Internet e redes sociais, ás actividades de carácter público que desenvolvan. Só será exisibile para aquelas asociacións que soliciten subvencións do Concello de Sober

Se estas actividades contasen con colaboración económica e/ou material por parte do Concello de Sober, a través dunha subvención, un convenio, unha cesión de infraestruturas ou calquera outra fórmula, este feito deberá manifestarse en todas as medidas de difusión.

O incumprimento destas obrigas dará lugar a que o Concello de Sober poida dar de baixa á Asociación no Rexistro por considerala inactiva, previa tramitación do correspondente expediente, comunicando esta situación á entidade interesada para que formule as alegacións que estime pertinentes nun prazo inferior a quince días, procedendo automaticamente á baixa no caso de que non se presente ningunha alegación do devandito prazo.

Todo iso sen prexuízo do que poida establecerse respecto a as medidas de difusión nas normativas de subvencións.

#### ARTIGO 8. Dereitos das asociacións inscritas.

As Asociacións rexistradas en Rexistro Municipal de Asociacións, sempre que o soliciten expresamente, mediante escrito dirixido á Alcaldía, gozarán dos seguintes dereitos:

1. Acceder ás convocatorias dos órganos colexiados municipais que celebren sesións públicas cando na orde do día figuren cuestións relacionadas co obxecto social da Entidade, así como ás resolucións e acordos adoptados polos órganos municipais.
2. Ser convocadas ás sesións das Comisións Informativas aos sós efectos de escoitar o seu parecer ou recibir o seu informe respecto dun tema concreto
3. Efectuar exposicións ante o Pleno en relación con algún punto da orde do día que teña relación co seu obxecto social.
4. Recibir por correo electrónico as publicacións, periódicas ou non, que edite o Concello De Sober, sempre que resulten do interese para a Entidade, atendido o seu obxecto social.
5. Usar os medios públicos municipais, especialmente os locais e os medios de comunicación, previa solicitude por escrito ao Concello cunha antelación de 20 días hábiles e co compromiso por parte da Asociación de utilizar as instalacións adecuadamente e cumprir co establecido na normativa municipal correspondente.

As autorizacións concederanse atendendo as actividades programadas, dispoñibilidade de espazos, persoal e horarios, segundo os criterios dos servizos responsables.

6. Acceder e colaborar nas accións formativas que impulse o Concello en fomento do asociacionismo ou en materia relacionada co seu obxecto social.

#### ARTIGO 9. Axudas Económicas ás Asociacións.

Na medida en que os recursos municipais permítano, o Concello realizará anualmente convocatorias para a concesión de subvencións económicas ás Asociacións rexistradas, tanto polo que se refire aos seus gastos xerais como ás actividades que para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños desenvolvan.

#### ARTIGO 10. Cancelación da inscrición.

A cancelación da inscrición producirase por extinción da entidade, petición de parte ou por inactividade.

En todo caso, as inscricións, modificacións e cancelación que se realicen no Rexistro notificaranse á entidade interesada.

#### DISPOSICIÓN DERRADEIRAS

Primeira. No non previsto por este Regulamento, o Rexistro Municipal de Asociacións, e as relacións das inscritas nel co Concello de Sober rexeranse polo Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Segunda. O presente Regulamento publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e non entrará en vigor ata a súa publicación completa e ata que transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Contra este regulamento poderá interpoñerse directamente recurso contenciosoadministrativo ante o órgano de tal xurisdición e no prazo que establece a Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa

Sober, 31 de xaneiro de 2023.- O Alcalde. Luis Fernández Guitián.

R. 0446

## VILALBA

*Anuncio*

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vilalba, en sesión celebrada o día 6 de febreiro de 2023, acordaba aprobar as bases que rexerán a convocatoria de probas selectivas para a provisión dunha praza de Administrativo, como funcionario de carreira, por sistema de oposición, quenda libre, encadrada na escala de Administración Xeral, subescala Administrativa, Grupo C, Subgrupo C1.

De conformidade co preceptuado no artigo 97 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, procédese á publicación do texto íntegro das bases reguladoras no Boletín Oficial da Provincia.

En Vilalba, a 9 de febreiro de 2023.

<b>Procedemento:</b> Convocatoria e selección de funcionario de carreira
<b>Número de expediente:</b> 366/2023
<b>Asunto:</b> Bases polas que se establecen as normas para Convocatoria e selección de funcionario de carreira dunha praza de Administrativo

## CADRO RESUMO DAS BASES DE REXEN A CONVOCATORIA

<b>OBXECTO DAS BASES</b>	Provisión en propiedade da praza que se inclúe na Oferta Pública de Emprego correspondente ao exercicio do ano 2022, aprobada por Resolución de Alcaldía número 2022-0390, con corrección de erros mediante Resolución 2022-0325 e publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, nº 122, do luns, 30 de maio de 2022 (corrección de erros no Boletín número 142 do mércores, 22 de xuño de 2022), así como anuncio no Diario Oficial de Galicia número 164, do martes, 30 de agosto de 2022.	
<b>RELACIÓN XURÍDICA</b>	A persoa aspirante que resulte seleccionada, prestará servizos como funcionario de carreira do Concello de Vilalba.	
<b>XORNADA E DURACIÓN LA RELACIÓN XURÍDICA</b>	O aspirante nomeado prestará servizos na seguinte distribución horaria de horas semanais de 37,5 horas semanais.	
<b>CARACTERÍSTICAS DA PRAZA</b>	<b>Denominación da praza</b>	
	Administrativo de Administración Xeral	
	<b>Grupo e escala de encadramento</b>	
	C1	
<b>RETRIBUCIÓN</b>	<b>Complemento de destino</b>	<b>Complemento específico</b>
	22	553,04

## 1. OBXECTO, RÉXIME XURÍDICO e SISTEMA DA CONVOCATORIA

O obxecto das presentes bases de selección é a provisión dunha praza de Administrativo de Administración Xeral como funcionario de carreira mediante o sistema de oposición libre.

A convocatoria desta praza motívase na necesidade de cubrir un posto de traballo na Administración municipal que teña por obxecto a realización de funcións de xestión e control da asignación eficiente dos recursos públicos, mecanización da contabilidade municipal, colaboración na realización de estadísticas e información contable e orzamentaria a subministrar a outros organismos públicos, colaboración nas funcións de control e fiscalización interna da xestión económica-financeira e orzamentaria, entre outras tarefas e funcións vinculadas coa intervención e tesourería municipais.

A praza áchase dotada co soldo correspondente ao grupo C, subgrupo C1, dúas pagas extraordinarias, trienios e demais emolumentos que correspondan conforme a lexislación vixente; todo iso condicionado aos cambios normativos que o goberno da Nación, ou no seu caso o Goberno autonómico poidan establecer no futuro.

## 2. REQUISITOS QUE DEBEN CUMPRIR OS ASPIRANTES

Os aspirantes deberán manifestar na solicitude que, na data de remate do prazo de presentación de instancias que reúnen e poden acreditar os requisitos que sinala o artigo 50 da LEPG, en relación co artigo 56.1 do TREBEP. Os citados requisitos son os que seguen:

- a) Ter nacionalidade española ou algunha outra que, con arranxo ao disposto no artigo 52 da LEPG, permita o acceso ao emprego público;
- b) Estar en posesión do título de Bacharel, Ciclo Formativo de Grao Superior ou equivalente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberá estarse en posesión da credencial que acredite a súa homologación.
- c) Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do que a persoa fose separada ou inhabilitada;
- d) Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- e) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

Así mesmo, o aspirante que resulte proposto para nomeamento, debe cumprir no momento do nomeamento, os requisitos esixidos na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

O exposto implica que os aspirantes que viñeran desempeñando unha actividade pública ou privada, deberán solicitar o recoñecemento de compatibilidade unha vez que o Tribunal formalice a toma de posesión. De non ser compatible a actividade que viñeran desenvolvendo coa relación de servizo ao Concello, os aspirantes seleccionados comprométese a renunciar á mencionada actividade.

## 3. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Os interesados dirixirán as solicitudes, no modelo oficial que se publica como **anexo I** destas bases e que tamén se facilitará no Concello. A presentación de instancias comportará a aceptación pola persoa interesada das bases da convocatoria.

A presentación de solicitudes farase no Rexistro Xeral Electrónico do Concello ou a través das formas establecidas no artigo 16.4 da vixente Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo de presentación será **de 20 días (vinte) hábiles** contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria **Boletín Oficial do Estado**.

Os aspirantes quedan vinculados aos datos que fixesen constar nas súas solicitudes; unicamente poderán demandar a súa modificación mediante escrito motivado, dentro do prazo establecido para a presentación de solicitudes. Transcorrido este prazo, non se admitirá ningunha petición desta natureza.

Por tanto, calquera modificación da solicitude deberá realizarse dentro do prazo de 20 días hábiles para a presentación de solicitude. Finalizado devandito prazo, non se admitirá modificación de ningún tipo.

Rematado o prazo de presentación de instancias a Alcaldía ditará resolución na que se aprobe a lista provisional das persoas admitidas e, se é o caso, excluídas, dita resolución publicarase na Sede Electrónica da Corporación, así como no Taboleiro de anuncios do Concello. En caso de que existan exclusións, a Corporación indicará a **causa de exclusión e concedendo un prazo de 10 días (dez) hábiles para que se poidan formular reclamacións ou emendar os defectos que motiven a exclusión**.

Contra a resolución que aprobe a lista definitiva, as persoas interesadas poderán interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición, diante da alcaldía, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da mesma na Sede Electrónica ou no taboleiro de anuncios do Concello. Por outra banda, os interesados tamén poderán formular un recurso contencioso administrativo diante do Xulgado Contencioso

Administrativo no prazo de 2 meses a contar dende a citada publicación, sen prexuízo de calquera outro que estime pertinente.

O feito de figurar na relación de admitidos, non prexulga que se recoñeza ás persoas participantes a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando do contido dos documentos presentados se desprenda que non posúen algún dos requisitos decaerán de todos os seus dereitos no procedemento selectivo.

#### 4. DOCUMENTACIÓN QUE O ASPIRANTE DEBE ACOMPAÑAR Á SOLICITUDE

Con anterioridade a realizar unha relación comprensiva da documentación que os aspirantes deben entregar de forma preceptiva na súa solicitude, é preciso indicar, a efectos dun procedemento máis garantista cos interesados que **a solicitude debe presentarse no prazo indicado nestas Bases**, non sendo emendable e quedando excluídos definitivamente os que non presentasen a correspondente solicitude en prazo.

##### 4.1) Anexo I das presentes bases

A instancia deberá presentarse de conformidade co modelo normalizado que acompaña coma anexo I as presentes bases de selección. Ningunha instancia que sexa presentada sen o modelo normalizado específico que se acompaña será admitida, de conformidade co artigo 66.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

##### 4.2) Fotocopia do DNI ou pasaporte

Ademais, os aspirantes estranxeiros, deberán presentar documentos que acrediten que son nacionais da Unión Europea ou dalgún Estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación á libre circulación de traballadores.

##### 4.3) Acreditación de coñecemento da lingua galega (se fora o caso):

